

Hai poucos escritores galegos que teñan un macrotexto tan pechado e singular coma o de Agustín Fernández Paz. O autor, se xa nas súas obras de ficción, deixaba certas pegadas coas que o lectorado podía construír o seu pequeno plan de fomento da lectura, permite que accedamos agora a boa parte das súas reflexións sobre ese exercicio case máxico de imaxinarnos noutros en *Un mundo de palabras*. A obra, inda que editada postumamente, comezou a ser preparada polo propio Fernández Paz e acompañouse dende os inicios da coitada edición de Isabel Soto, responsable tamén dun interesante limiar que permite acceder ás trabes fundamentais do que imos atopar nestas páxinas. Se queren seguir completando o círculo, léana en paralelo con *O rastro que deixamos* (2011), outra posibilidade de entrar no mundo agustinián.


A partir de aí, o ensaio permite tantas abordaxes coma lectoras hai, pois temos a opción de navegar pola descuberta das bibliotecas como punto dende o que acceder á luminosidade do mundo, repensar –en diálogo co autor–

que librarías marcan os nosos puntos cardinais ou cales son as nosas escritoras e escritores de referencia, aos que volvemos sempre que podemos. Asemade, en consonancia coa súa faceta de profesor, pódense atopar dous traballos del que fornecen de moitísimas estratexias e recursos para as mestras e calquera mediador en xeral que precise contaxiar no seu alumnado do virus da lectura. Fundamentais son, neste sentido, as ideas sobre a importancia que a lectura en galego ten para a normalización do idioma, coma recuperadora da cadea de transmisión lingüística, coma posibilidade de afondar no léxico ou a idea alicerzada de que, accedendo ao pro-

# Ler coma quen come pan

## Palabras de Agustín

MONTSE PENA PRESAS



pio patrimonio literario, as netas e os mozos comprobarán por si sós que o galego é un idioma para estar no mundo dende calquera perspectiva.

Estas reflexións beben, ademais, en fontes ben queridas polo autor, coma por exemplo

as atinadas palabras de Chambers sobre a lectura na escola, as análises certeiras de Teixidor sobre os textos obrigatorios e a literatura xuvenil ou as ideas do sempre referencial e fantástico Rodari

Pero se algo teñen en común todos os textos que aquí se xuntan, tal vén ser unha idea fundamental que cruza de punta a punta non só esta obra, senón toda a produción do autor: as persoas precisamos de historias para vivir. Prescindir delas é, sen dúbida, condenarse a unha vida máis gris, máis monótona, máis plana. Por iso, a pesar de ser esta unha obra que ben merecería ser lectura recomendada nas facultades de Maxisterio, é un texto para todos os públicos: para as letraferidas, porque lles fará mergullarse no seu mundo de palabras, para os que inda non se adentraron na maxia da lectura porque esta é, sen dúbida, unha gran porta aberta ao seu descubrimento.

FERNÁNDEZ PAZ, A. *Un mundo de palabras*, Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP 16,85 €